


8



Ollos abertos

Coidamos a saúde e a beleza

Na nosa sociedade cóidase hoxe moito a saúde e a elegancia.



■ Na nosa sociedade...

- Visítase a miúdo ao médico.
- Fanse dietas axeitadas para ter o peso xusto...
- Practícase deporte, vaise a ximnasios...
- Acódesse a valnearios, recíbense masaxes...
- Búscase a beleza e a xuventude mediante tratamentos, cremas, cirurxía estética, peinados, limpeza de pel...

► Esta preocupación pola saúde e pola beleza:

Pareceme...	Porque...
Xusta	
Razoable	
Necesaria	
Esaxerada	
Disparatada	
Obsesiva	
Escasa	
Insuficiente	



Mirada penetrante

Outros aspectos da nosa vida

Ademais da saúde e a beleza, hai outros aspectos da persoa que tamén son importantes e deben terse en conta.

■ ¿Cómo queremos ser?

Traballadores

Sans

Guapos

Intelixentes

Bos

Educados

Honrados

- ▶ Ordena estas palabras do 1 ao 8 segundo a importancia que ti lle dás a cada unha delas. Podes poñer outra palabra máis.


■ ¿Que preocupa máis á maioría da xente?

En toda persoa hai que apreciar e coidar tres aspectos fundamentais:


O corpo	A intelixencia	Os comportamentos
Saúde e beleza	Saber e cultura	Actitudes e comportamento

- ▶ Divide os círculos en tres partes, de maneira que correspondan aos tres aspectos fundamentais. Dálle maior espacio ao que se considera máis importante e menor ao que se valorara menos.

Eu



A xente




Oídos atentos

O don da vida nova

Deus deunos a vida e quere que a coidemos. Pero ademais, por medio de Xesucristo, concedeunos o gran regalo de participar da súa mesma vida.

■ 1 ■ Xesús é o home novo



- Así como o Pai tén vida en si mesmo, así tamén lle deu ao Fillo ter vida en si mesmo. (Xn 5,26)

- Cristo é... o primeiro en nacer de entre os mortos, de xeito que en todo sexa sempre o supremo. (Col 1,18-19)

■ 2 ■

Por esa vida que Xesús nos comunica, facémonos fillos de Deus.



_____ para El,
conforme ao desingnio da súa vontade. (Ef 1,5)

■ 3 ■

Fainos criaturas novas. Somos transformados no noso interior.



■ Polo tanto, quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era o vello, pasou. ¿Vedes? Hai unha realidade nova. (2 Cor 5,17)

■ 4 ■ A graza ou o don da vida nova



■ Él predestinouos... para loanza da súa gloriosa benquerencia, coa que nos agraciou no Fillo amado. (Ef 1,6)

■ E da súa abundancia recibimos todos nós: graza e máis graza. (Xn 1,16)

► Completa as frases seguintes poñendo unha letra en cada guión.

D _____ P _____ tén a vida p _____ e perfecta.

X _____ recibe do seu Pai Deus a _____ plena e perfecta.

Os h _____ e as m _____ reciben de Cristo a _____ de Deus.

A g _____ fainos fillos de Deus.



Memoria esperta

Vivir coma fillos de Deus

A Igrexa proclamou sempre que o Pai nos fixo os seus fillos e nos deu a vida nova de Cristo. Invítanos a que vivamos coma verdadeiros fillos de Deus.

■ ¿Por que somos fillos de Deus?

■ ¿A que chamamos home novo?

■ ¿Que é a graza santificante?



Facer medrar a vida nova

Nós temos unha vida corporal que debemos desenvolver. Pero Deus deu-nos tamén unha “vida nova” que debemos acoller e facer medrar cada día

■ Os tres eses

Para facer medrar a vida nova, a nosa vida ha de ser:

Unha vida sa	Unha vida sabia	Unha vida santa
•	•	•
•	•	•
•	•	•

Coloca cada unha destas respostas no cadro que mellor che parece:

- * Facer caso aos consellos das persoas que saben máis ca min
- * Preocuparme da miña saúde coidándome
- * Disfrutar da natureza e facer deporte
- * Favorecer o tempo de estudo e ler no tempo de lecer
- * Demostrar con feitos que quero vivir como un bo fillo de Deus
- * Esforzarme na escola
- * Ler a biblia e estar cos veciños á igrexa
- * Comer comida sa
- * Dar grazas a Deus porque me quere coma fillo

■ Vida nova

Se vivimos así, farase realidade en nós o proxecto que Deus tén ao crearnos e ao facernos fillos seus.

¿Como é a miña vida?

Sa

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Sabia

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Santa

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

► Puntúate, enchendo máis ou menos cadros de esquerda a dereita segundo o estado que cres que tés de saúde, de sabedoría e de santidad..